

Boletín de la Diputación de A Coruña Nº 87.

Miércoles, 16 de abril de 2008 Anuncio Pág. 4815 Reg. 08/4205-x

4815 (15 of 40) 118% Find

Conforme ao disposto no art. 72 do RDL 339/1990, na súa redacción dada pola Lei 17/2005 de 19 de xullo, o titular do vehículo ten o deber de identificar verazmente ao condutor do mesmo no prazo de 15 días desde a presente publicación, indicando o seu nome completo, DNI e domicilio. Se non se identifica ao condutor, o titular será sancionado como autor de falta moi grave (301,00€ ata 1500,00€). O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ao condutor que se identifique por causa imputable a dito titular. Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o condutor responsable da infracción.

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 30% sobre a contía correspondente que se consignara no boletín de denuncia polo axente ou no seu defecto na notificación posterior de dita denuncia, sempre que dito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación deste edicto, e advírteselle de que ese pagamento, implica a renuncia a formular alegacións e supón a terminación do procedemento sen necesidade de dictar resolución expresa, salvo que poida impoñer, ademais, a suspensión do permiso ou licenza de conducir.

Lugar e forma de pagamento: mediante ingreso na conta 0046-0021-72-0000077140 do Banco Galego debendo indicar nº expediente, nome do infractor e matrícula, ou ben mediante xiro postal dirixido ao IMFACOFE situado nas dependencias do Concello de Ferrol na Praza de Armas s/n 15402 Ferrol (A Coruña)

O que se publica para coñecemento dos interesados

Ferrol a 31 de marzo de 2008

O Instructor do Procedemento

en funcións

Asdo. Santiago Insua Esmorís-Recamán

08/3058-2

A LARACHA

ANUNCIO

Aprobación definitiva do proxecto de urbanización AR-C1 Campo da Insua-Caión

A Xunta de goberno local en sesión ordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2008, aprobou definitivamente o proxecto de urbanización do ámbito da área de reparto AR-C1 "CAMPO DA INSUA" - CAIÓN, do plan xeral de ordenación municipal do concello da Laracha, promovido pola Confraría de Pescadores de Caión, proxecto aprobado inicialmente o día catro de abril de 2007.

RECURSOS: este acordo será recorrible mediante:

Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a partir do día seguinte a esta publicación, ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso - administrativo, no prazo de dous meses

Pode exercitarse, no seu caso, calquera outro que se estime procedente.

A Laracha , 4 de febreiro de 2008

O alcalde

José Manuel López Varela

08/4205-x